

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A SOCIEDADE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE ASISTENCIA E APOIO TÉCNICO NA XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS TÉCNICAS DE SOLO EMPRESARIAL

Santiago de Compostela,

R E U N I D O S

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 181, do 7 de setembro), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, Heriberto García Porto, presidente do consello de administración da sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. (en adiante, Xestur), nomeado por acordo da xunta xeral de accionistas adoptado o 6 de novembro de 2014, actuando no exercicio das funcións que lle outorga o artigo 24. 1 a) dos estatutos da sociedade aprobados polos acordos do Consello da Xunta de Galicia do 20 de decembro de 2012 e 7 de novembro de 2013 e publicados por resolución do 27 de febreiro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.

As partes recoñécense mutuamente capacidade para a formalización do presente convenio e, a tal efecto,



EXPOÑEN

Primeiro.- O IGVS é o organismo autónomo ao que lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a superior dirección da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, á que está adscrito, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución Española, para acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, da súa creación.

En uso das competencias atribuídas, correspóndelle ao IGVS, a través dos seus órganos, dentro do marco da normativa de ordenación urbanística e do territorio, o establecemento da política de solos de carácter produtivo, tales como o industrial, o comercial ou tecnolóxico e, en xeral, os que incidan na mellora da habitabilidade do territorio da comunidade autónoma. Para o cumprimento destes fins pode establecer convenios con entes públicos ou privados, ao amparo do previsto no capítulo IV do título preliminar da lei 40/2015, do 1 do outubro.

Segundo.- Xestur é unha sociedade pública adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que, de acordo co artigo 1 dos seus estatutos sociais, ten a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de medios propios.

De conformidade co artigo 2.1 dos seus estatutos, o obxecto social de Xestur está constituído pola realización das actividades dirixidas á promoción e xestión do solo empresarial, residencial e construción de edificacións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. O desenvolvemento destas actividades teñen por finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar á Comunidade Autónoma de solo suficiente para a localización de



industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción de emprego, así como de solo para a construción de vivendas dignas e adecuadas, especialmente aos sectores con menos capacidade económica, actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental.

Entre as actividades que desenvolve Xestur, segundo o artigo 2 dos seus estatutos, atópanse, entre outras, a promoción, adquisición e preparación do solo para asentamentos industriais, residenciais, terciarios e de servizos; a adquisición por calquera título, mesmo expropiación forzosa, de terreos destinados á formación de reservas de solo, a preparación de soares, dotacións, equipamentos, fomento da vivenda ou calquera outra finalidade análoga de carácter urbanístico; o exercicio da acción urbanizadora dirixida á preparación do solo industrial, residencial, terciario e de servizos, mediante a realización de obras de infraestruturas, urbanización e dotación de servizos para o seu adecuado equipamento, así como calquera outra acción precisa para a execución do planeamento urbanístico.

Consonte ao artigo 2 i) e co obxecto de desenvolver as actuacións vinculadas ao seu obxecto social, Xestur pode subscribir convenios con administracións públicas, nos termos establecidos na normativa vixente.

Terceiro.- O IGVS e Xestur veñen facendo un esforzo nos últimos anos para dotar a todo o territorio da Comunidade Autónoma de solo empresarial e industrial, de xeito que calquera actividade empresarial que se planifique atope un lugar axeitado onde desenvolverse. O solo empresarial, no aspecto económico-financeiro, resulta un factor de vital importancia para atraer investimentos á Comunidade Autónoma e permitir a fixación dun ámbito de materialización produtiva dos recursos xa existentes, constituíndo un reto de futuro no que o crecemento produtivo, económico e laboral vai estar supeditado a súa implantación en determinados espazos físicos.



Tendo en conta que ambas partes, IGVS e Xestur, son as maiores promotoras de solo empresarial en Galicia e que, así mesmo, teñen como finalidade común garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral, acordan a subscripción do presente convenio de colaboración, ao enmarcarse o seu obxecto dentro das actuacións que lle son propias, como é a xestión e promoción do solo empresarial galego.

Por todo o exposto, as partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre o IGVS e Xestur para o desenvolvemento conxunto de tarefas técnicas e de xestión nos expedientes administrativos de solo empresarial de Galicia do que sexan titulares, así como en calquera outro que, conforme a lexislación vixente, teñan atribuídas competencias.

Segunda.- Obrigas do IGVS

En virtude deste convenio o IGVS asume as seguintes obrigas:

- Nomear un responsable na Dirección Técnica de Solo e Edificación e Calidade para que coordine a execución das actuacións resultado da colaboración entre as entidades asinantes.

O citado responsable deberá trasladar as instrucións, directrices e informacións necesarias á persoa designada por Xestur como coordinadora dos traballos e, así mesmo, deberá supervisar a súa correcta execución.

Terceira.- Obrigas de Xestur



En virtude deste convenio Xestur asume as seguintes obrigas:

- Facilitar ao IGVS o acceso aos seus servizos telemáticos que resulten necesarios para o desenvolvemento das actuacións de colaboración obxecto deste convenio.
- Prestar o apoio técnico e xurídico que lle sexa requirido na tramitación administrativa daqueles expedientes que en materia de solo empresarial sexan da competencia do IGVS.

Cuarta.- Desenvolvemento da colaboración

O desenvolvemento das actuacións obxecto de colaboración realizaranse no marco da estrutura propia e ordinaria de ambas entidades, a través dos seus propios medios técnicos e persoais. Coa finalidade de garantir o cumprimento deste compromiso, o responsable-coordinador nomeado polo IGVS supervisará, xunto coa persoa designada por Xestur, o integro respecto das áreas de traballo do persoal integrante dos departamentos que participen na colaboración froito deste convenio, en aras de garantir os seus dereitos, todo elo sen prexuízo da obriga de Xestur de cumprir a normativa laboral sobre o seu persoal.

Quinta.- Contido económico

O convenio, ao consistir na colaboración no desenvolvemento de tarefas comúns entre ambas entidades, terá carácter gratuíto, pois non será preciso a contratación de medios de ningún tipo.

Sexta.- Seguimento, vixilancia e control do convenio.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo, facilitar o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, efectos ou a súa resolución, crearase unha comisión de seguimento, vixilancia e control que estará integrada por un representante de cada unha das partes asinantes.



O réxime de funcionamento e os acordos da comisión axustaranse ao establecido no capítulo II sección terceira da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Vixencia do Convenio.

O presente acordo de colaboración estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Cando razóns de oportunidade debidamente acreditadas no expediente así o aconsellen, poderá procederse á súa finalización anticipada.

Oitava.- Causas de Resolución.

Son causas de resolución do convenio:

- O mutuo acordo das partes asinantes.
- O incumprimento por algunha das partes das obrigas e compromisos asumidos en virtude deste acordo.

A resolución do contrato non xenará indemnización de ningunha natureza.

Novena.- Réxime Xurídico e resolución de conflitos

Ao presente Convenio seralle de aplicación o disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En consecuencia, non lle é de aplicación a lexislación de contratos das Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.



Décima.- Protección de datos persoais.

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En todo caso, as partes actuarán de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos, e en particular, co previsto no Regulamento (UE) 2016/769 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En proba de conformidade cos termos do presente convenio, asinan este documento electronicamente.

Polo IGVS

Por Xestur

Ángeles Vázquez Mejuto

Heriberto García Porto

